



**MEMORIA DE CALIDADE  
FACULTADE DE MATEMÁTICAS**

**Curso Académico: 2013-2014**

Introdución	p. 3
Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGIC	p. 4
Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	p. 8
Actuacións máis relevantes	p. 9
Indicadores do SGIC	p. 10
Plan de melloras da Facultade de Matemáticas	p. 17
Revisión do plan de melloras do curso 2013-2014	p. 17
Plan de melloras do curso 2014-2015	p. 25
Anexo 1. Informes de seguimento	p. 32
Anexo 2. Plans de mellora das titulacións da Facultade de Matemáticas	p. 33

## Introdución

---

A Facultade de Matemáticas é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Matemáticas elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

O compromiso coa calidade na formación que ofrece o centro queda patente coa participación de títulos vinculados á Facultade no proxecto piloto de avaliación para a renovación da acreditación durante o curso 2013-2014.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas, correspondente ao curso académico 2013-2014, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o plan de melloras do centro (revisión das accións de mellora do curso 2013-2014 e novas propostas para o curso 2014-2015), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas correspondente ao curso 2013-2014 foi elaborada pola Comisión de Calidade con data 20/04/2015 e aprobada na Xunta de Facultade con data 24/04/2015.

## Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGIC

---

**Ámbito de aplicación.** O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2013-2014 atangue a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2013-2014 foron:

- Grao en Matemáticas.
- Máster en Enxeñaría Matemática.
- Máster en Matemática Industrial.
- Máster en Matemáticas.
- Máster en Técnicas Estatísticas.
- Licenciatura en Matemáticas (en extinción).

No caso da Licenciatura en Matemáticas, non se impartiu docencia durante o curso 2013-2014, limitándose a actividade docente á realización de probas de avaliación, sendo este o último curso no que se realizan exames desta titulación. Segundo consta no informe de seguimento do Grao en Matemáticas (véxase Anexo I), neste curso producíronse dúas adaptacións de alumnado de licenciatura ao grao.

No curso 2013-2014 comezouse a impartir o Máster en Matemática Industrial, que substituíu ao Máster en Enxeñaría Matemática, se ben no 2013-2014 conviviron as dúas titulacións. Ao tratarse dun título en extinción, o Máster en Enxeñaría Matemática non realiza informe de seguimento para o curso 2013-2014.

Polo tanto, os informes de seguimento que se achegan a esta memoria de calidade corresponden ao Grao en Matemáticas, ao Máster en Matemática Industrial, ao Máster en Matemáticas e ao Máster en Técnicas Estatísticas.

Cabe salientar que durante o curso 2013-2014, o Grao en Matemáticas e os Másters en Matemáticas e en Técnicas Estatísticas sometéronse ao proceso de avaliación para a

renovación da acreditación, que foi culminado con éxito en xullo de 2014. Proporcionarase máis información en relación a este proceso na seguinte sección.

**Documentación de referencia.** Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria de Grao en Matemáticas da USC.
- Memoria do Máster en Enxeñaría Matemática.
- Memoria do Máster en Matemática Industrial.
- Memoria do Máster en Matemáticas.
- Memoria do Máster en Técnicas Estatísticas.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade en Matemáticas.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Técnicas Estatísticas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as comisións de título, o/a responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas. Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

#### MEMBROS DA CCC

O/A decano/a da Facultade de Matemáticas, quen convocará e presidirá

O/A responsable de calidade do centro

Os/As coordinadores/as de título: Grao en Matemáticas, Licenciatura en Matemáticas<sup>1</sup>, Máster en Enxeñaría Matemática, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas.

O/A Xestor/a de Centro

---

<sup>1</sup> No curso 2014-2015 extingúense definitivamente a Licenciatura de Matemáticas polo que se revisarán as distintas estruturas para o desenvolvemento do SGIC, en concreto, a Comisión de Calidade, desaparecendo a figura do/a coordinador/a da Licenciatura en Matemáticas, ata o de agora exercida polo/a coordinador/a do Grao en Matemáticas, polo que o número de membros non varía.

2 membros do PDI de departamentos adscritos á Facultade

1 alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a)

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2013-2014:

**11/11/2013.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.
- Informes da decana.
- Modificación do SGIC.
- Rogos e preguntas.

**12/12/2013.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Informes de seguimento do curso 2012-2013, correspondentes ao Grao en Matemáticas, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas.

**24/01/2014.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.
- Informes da decana.
- Aprobación da Memoria de Calidade para o curso 2012-2013.
- Acreditación de títulos.
- Rogos e preguntas.

**13/03/2014** Reunión para tratar o asunto

- Visita á Facultade de Matemáticas da Comisión de Acreditación da Titulación.

**28/03/2014.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.
- Informes da decana.
- Revisión das accións de mellora.

- Rogos e preguntas.

O 29/10/2014 reúnese a Comisión de Calidade para aprobar unha modificación do SGIC, aprobada posteriormente pola Xunta de Facultade o 19/12/2014, polo que a partir do curso 2014-2015 estará en vigor a modificación do SGIC.

## Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade<sup>2</sup>

---

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende xullo de 2009, a Facultade de Matemáticas conta cun Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos y Procedimientos".

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo que obrigou a unha modificación do SGIC do centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación do SGIC o 4 de decembro de 2013, coa que se simplifica a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

O "Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas", así como o "Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos" están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Matemáticas, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade.

[http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/Sistema\\_Calidad.html](http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/Sistema_Calidad.html)

---

<sup>2</sup> O seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade lévase a cabo segundo o proceso F02-PM-01.



A Comisión de Calidade e Planificación aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGIC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectan só ao apartado 5 denominado Indicadores. Como consecuencia, o 29/10/2014 reúnese a Comisión de Calidade para aprobar a modificación do SGIC que foi aprobada posteriormente pola Xunta de Facultade o 19/12/2014. Queda pendente o trámite final da súa aprobación pola Comisión delegada do Consello de Goberno que ostente as competencias de calidade, polo que previsiblemente a partir do curso 2014-2015 estará en vigor a nova versión do SGIC.

**A documentación relativa ao SGIC** en vigor durante o curso 2013-2014 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora).

## **Actuacións máis relevante**

---

Como aspectos máis salientables tratados nas reunións da Comisión de Calidade, cabe destacar os seguintes:

Modificación do SGIC. Na reunión do 11/11/2013 infórmase de que a Comisión de Calidade e Planificación da USC aprobou unha nova versión do Sistema de Garantía Interna de Calidade da institución, que require dunha adaptación dos manuais por parte dos centros. O manual do centro modificado foi aprobado pola Xunta de Facultade o 04/12/2013. Pódese consultar na seguinte ligazón: [https://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/matematicas/descargas/calidade/Manual\\_Sistema\\_Garantia\\_Calidad/MSGIC\\_FacultadeMatematicas\\_191214.pdf](https://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/matematicas/descargas/calidade/Manual_Sistema_Garantia_Calidad/MSGIC_FacultadeMatematicas_191214.pdf)

Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas (curso 2012-2013). Con data 24/01/2014, a Comisión de Calidade elaborou a Memoria de Calidade do centro que foi aprobada en Xunta de Facultade o día 25/02/2014, correspondente ao curso 2012-

2013, na que se inclúe: (1) seguimento do SGIC, (2) informes do Grao en Matemáticas, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas<sup>3</sup>, (3) plans de mellora das titulacións e plan de mellora do centro para o curso 2013-2014.

Participación no proxecto piloto de avaliación para a renovación da acreditación. Na xuntanza do 11/11/2013, a decana e presidenta da comisión informa da disposición do Grao en Matemáticas, o Máster en Matemáticas e o Máster en Técnicas Estatísticas para participar nun proxecto piloto de avaliación para a renovación da acreditación. O Máster en Matemática Industrial, que substituíu ao Máster en Enxeñaría Matemática, non participou xa que comezou a impartirse no curso 2013-2014. O proceso de avaliación contempla, por un lado, a revisión do informe de seguimento do curso 2012-2013 (presentado á Comisión de Calidade na reunión do 12/12/2013) por parte dun comité de avaliación externo, así como unha visita ao centro mantendo reunións cos distintos colectivos de interese para os títulos. A visita ao centro realizouse os días 18 e 19 de marzo de 2014, dando conta das valoracións feitas polos avaliadores externos, no seu informe oral, na xuntanza do 28/03/2014. Destas valoracións elaborouse un breve resumo que foi remitido a todo o PDI do centro.

## Indicadores do SGIC

---

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC, para o curso académico 2013-2014. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

Na Táboa 1 se recollen os indicadores dispoñibles a nivel de centro. Os resultados dos indicadores a nivel de título se poden consultar nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

Debemos comentar que os datos de 2013-2014 que se amosan calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos en dito curso académico: Grao en Matemáticas (GM),

---

<sup>3</sup> Non figuran os informes correspondentes ao Máster en Enxeñaría Matemática nin ao Máster en Matemática Industrial que ao tratarse dun título en extinción e dun título en primeiro ano de implantación, respectivamente.

Máster en Matemática Industrial (M2I), Máster en Enxeñaría Matemática (MEM), Máster en Matemáticas (MM) e Máster en Técnicas Estatísticas (MTE). Os datos de 2012-2013 da comparativa proveñen do GM, MEM, MM e MTE. Cabe tamén salientar que, no caso dos másteres interuniversitarios (MEM, M2I e MTE), o alumnado contabilizado é o matriculado na USC.

Comentaremos os aspectos máis relevantes dos indicadores, atendendo ós criterios do informe de seguimento dos títulos.

Antes, cómpre explicar que existen cambios con respecto a cursos anteriores no panel de indicadores establecido (supresión e creación de novos indicadores, redefinición no cálculo ou axustes na denominación). Por exemplo, créase o indicador IN04-PC-05 (Matrícula de inicio de estudos), no que se inclúe o alumnado que comeza os seus estudos no título sen utilizar procesos de adaptación doutros estudos. O indicador IN05-PC-05 (Variación da matrícula de inicio de estudos), que antes se calculaba sobre a matrícula de novo ingreso, pasaría a calcularse sobre o dato de inicio de estudos. O indicador IN15-PC-08 (Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade) desdóbrase, cambiando a denominación deste indicador por “Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade” e creando un novo para a mobilidade entrante. Unha revisión detallada dos cambios pode consultarse no Informe sobre a revisión do SGIC marco e dos centros da USC, aprobado pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 3 de outubro de 2014. Para a depuración dos indicadores existentes no 2012-2013, utilizáronse datos consolidados a 30/09/2013. Esta actualización de indicadores xustifica as pequenas variacións que se poden observar nalgúns datos da Táboa 1, con respecto ós valores que aparecían na Memoria de Calidade do curso 2012-2013.

Ao considerarmos tan só dous anos, non resultaría correcto falar de tendencias, polo que os comentarios restrínxense á comparativa entre os dous cursos.

### **Descrición do título**

Incrementábase en cinco prazas a oferta (IN01C-PC-05) da Facultade de Matemáticas con respecto ao curso 2012-2013. Isto débese á extinción do MEM e á entrada en funcionamento do M2I, con 20 e 25 prazas, respectivamente.

A matrícula de novo ingreso (IN03C-PC-05) no curso 2013-2014 é de 144,

contabilizándose en novo ingreso o alumnado que provén de validación de estudos.

### **Xustificación**

A matrícula de inicio de estudos (IN04-PC-05) diminúe un 1.4%, pasando de 142 a 140 alumnos/as. Debe terse en conta a diferenza entre o matrícula de novo ingreso e a matrícula de inicio de estudos, contabilizándose en novo ingreso o alumnado que provén de validación de estudos. En calquera caso, as diferenzas non son relevantes entre os dous cursos académicos.

A porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas (IN12-PC-05) é, polo tanto, dun 73.68% no curso 2013-2014.

### **Competencias/Obxectivos**

Estes datos saen, entre outros, da explotación de enquisas de satisfacción. Substitúese por un informe cos resultados da enquisa por item, onde está a avaliación sobre a adquisición de competencias.

### **Acceso e admisión de estudantes**

O número total de alumnado matriculado no centro (IN02-PC-05) no curso 2013-2014 é de 528 (40 máis que en 2012-2013), o que supón un incremento de arredor do 8%.

A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09-PC-05) nos títulos GM, MEM, M2I, MM e MTE é de 4.92%, superior á do curso 2012-2013 (3.28%).

### **Planificación das ensinanzas**

A porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17-PC-08) case se duplica con respecto ao curso anterior, quedando nun 2.84% para o curso 2013-2014, fronte ao 1.43% do curso 2012-2013. Tamén aumentou a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C-PC-08).

Só se contabilizan aqueles estudantes cuxo centro de destino sexa a Facultade de Matemáticas, se ben é posible ter estudantes cursando materias específicas dos títulos ao abeiro de acordos de mobilidade.

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C-PC-09) diminuíu dun 29.63% no curso 2012-2013 a un 6.52% no curso 2013-2014. A pesar deste descenso, no curso 2013-2014, 18 alumnos/as de grao realizaron prácticas en empresas e institucións (12 alumnos máis que no curso 2012-2013)<sup>4</sup>, polo que cabe esperar un aumento deste indicador para o curso 2014-2015.

### **Recursos humanos**

Aumentou no curso 2013-2014 a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C-PS-01), pasando dun 89,68% no curso 2012-2013 a un 91,8% no curso 2013-2014. Por outro lado, diminúe a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26C-PS-01). Estes indicadores calcúlanse cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GM, MEM, M2I, MM e MTE. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas nin o profesorado que unicamente dirixe traballos académicos, nin o profesorado doutras universidades que imparten docencia nos títulos interuniversitarios.

### **Recursos materiais e servizos**

Segundo o Informe sobre a revisión do SGIC marco e dos centros da USC, suprímense os indicadores IN32-PS-02, IN33-PS-02, IN34-PS-02, IN35-PS-02 deste criterio (substitúense polo informe INF.01 sobre recursos informáticos para o desenvolvemento da docencia). En relación aos fondos bibliográficos, a biblioteca dispón dunha colección de máis de 30000 volumes (monografías en papel) para investigación e docencia. Pódese consultar máis información relativa a este punto nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

### **Resultados previstos**

A taxa de rendemento calcúlase como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Este indicador se calcula para grao (IN34CG-S01-PM-01) e para máster (IN34CM-S01-PM-01). A taxa de rendemento no grao é do 55.14%,

---

<sup>4</sup> Datos do Informe Anual de Seguimento do Grao en Matemáticas. Curso 2013-2014

mentres que nos títulos de máster increméntase ata o 93.64%.

A taxa de éxito calcúlase como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Este indicador se calcula para grao (IN35CG-S01-PM-01) e para máster (IN35CM-S01-PM-01). A taxa de éxito é do 69.29% en grao e do 99.87% en máster.

A taxa de avaliación calcúlase como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios presentados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Este indicador se calcula para grao (IN36CG-S01-PM-01) e para máster (IN36CM-S01-PM-01). A taxa de avaliación é de 79.58% en grao e do 93.88% en máster.

A taxa de graduación calcúlase como a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada. A taxa de graduación é do 22.99% en grao (IN37CG-S01-PM-01) e do 80% en máster (IN37CM-S01-PM-01).

A eficiencia dos titulados, calculada como a porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano, é do 90.46% en grao (IN39CG-S01-PM-01) e do 96.7% en máster (IN39CM-S01-PM-01). Estes valores do curso 2013-2014 son similares ós do curso 2012-2013.

A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG-S01-PM-01) limítase para as titulacións de Grao e acada, no curso 2013-2014, un valor de 35.38%.

### **Sistema de garantía de calidade**

Como se comentou anteriormente, o indicador IN15-PC-08 (Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade) desdóbrase, cambiando a denominación deste indicador por “Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade” e creando un novo para a mobilidade entrante (IN16C-PC-08), cuxo valor para o curso 2013-2014 é 3.5. Os resultados do resto de indicadores de satisfacción incorpóranse a nivel de título e se poden consultar nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

<b>Código</b>	<b>Descrición</b>	<b>Valor (30/09/2013)</b>	<b>Valor (10/10/2014)</b>
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	185	190
IN02C-PC-05	Matrícula	488	528
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	151	144
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	142	140
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	-2,07	-6,52
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	8,92	8,06
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	85,98	72,97
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,41	0,19
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	3,28	4,92
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	80,83	75
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	76,76	73,68
IN14C-PC-05	Núm. de matriculados en máster no centro/Núm. de graduados do centro	1,85	1,3
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4	3,5
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,43	2,84
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,25	2,46
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	29,63	6,52
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	89,68	91,8

IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98,41	98,36
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	92,06	90,98
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	3,87	4,33
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	38,29	35,47
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	22,56	23,87
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento	58,28	55,14
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento	92,04	93,64
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito	71,17	69,29
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito	99,77	99,87
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación	81,89	79,58
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación	92,26	93,88
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación		22,99
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación	50	80
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,53	4,56
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,4	1,73
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	91,13	90,46
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	96,51	96,7
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	18,85	35,38
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393		31,03
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	20	4,76
IXA-C04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	17,26	11,17

**Táboa 1. Indicadores do SGIC para o curso 2012-2013 (data de explotación: 30/09/2013) e o curso 2013-2014 (data de explotación: 10/10/2014).**



## Plan de melloras da Facultade de Matemáticas

---

### Revisión do plan de melloras da Facultade de Matemáticas para o curso 2013-2014

---

Preséntase nesta sección unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2013-2014, que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento e plans de mellora das titulacións impartidas no centro.

AM1. Implantación do SGIC modificado e actualización da documentación en vigor.
AM2. Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas durante o 2014.
AM3. Sistematización na elaboración do plan de mellora anual a través da Aplicación de Apoio aos Sistema de Xestión da USC.
AM4. Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro.
AM5. Ampliación da memoria dos equipos das aulas de informática co fin de actualizar o sistema operativo dos mesmos.
AM6. Renovar os equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática.
AM7. Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de titulacións e PDI.
AM8. Incremento do 10% no número de convenios de mobilidade.
AM9. Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.
AM10. Solicitar ás autoridades competentes a adaptación dos prazos de matrícula e da realización das PAAU.

**Táboa 2. Plan de melloras da Facultade de Matemáticas. Curso 2013-2014**

AM1. Implantación do SGIC modificado e actualización da documentación en vigor.

Orixe acción: Seguimento do SGIC.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas. A proposta da coordinadora do título, tamén recolle esta acción o Plan de Melloras do Grao en Matemáticas (AM14).

Descrición proposta: Implantación do SGIC modificado e actualización da documentación en vigor.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2014 Data inicio: 16/12/2013

Estado de execución: O seguimento do SGIC levouse a cabo durante o curso 2013-2014 e no comezo do 2014-2015, onde se debe someter a unha modificación que afecta ao apartado de indicadores. No 2013-2014 elaborouse a Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas, correspondente ao curso 2012-2013, onde se incluía un breve seguimento do SGIC (que daquela fora recentemente modificado). Nesta memoria correspondente ao curso 2013-2014 xa se realiza un seguimento do SGIC en vigor.

AM2. Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas durante o 2014.

Orixe acción: Seguimento do SGIC.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas. A proposta da coordinadora do título, tamén recolle esta acción o Plan de Melloras do Grao en Matemáticas (AM15).

Descrición proposta: Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas durante o 2014.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2014 Data inicio: 16/12/2013

Estado de execución: Na Comisión de Calidade celebrada con data 28/03/2014, no punto de Informes da Presidenta, presentouse brevemente algunhas fases a acometer para a elaboración do plan estratéxico. Non está previsto que se finalice en 2014, co que esta acción de mellora sería incluída no plan correspondente ao 2014-2015 (plan de melloras do centro).

AM3. Sistematización na elaboración do plan de mellora anual a través da Aplicación de Apoio aos Sistema de Xestión da USC.

Orixe acción: Seguimento do SGIC.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade. O Plan de Mellora do Grao en Matemáticas, a proposta da coordinadora do título, tamén recolle esta acción de mellora (AM13).

Descrición proposta: Sistematización na elaboración do plan de mellora anual a

través da Aplicación de Apoio aos Sistema de Xestión da USC.

Responsable: Responsable de Calidade do Centro.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2014 Data inicio: 16/12/2013

Estado de execución: Os plans de mellora dos títulos sometidos ao proceso de renovación da acreditación no curso 2013-2014 foron implementados a través da AASX, así como o plan de melloras do centro. O plan de melloras para o curso 2014-2015 tamén se elaborou a través da AASX. Neste momento xa se conta cunha axenda aberta para o curso 2014-2015 que permite a inclusión das accións de mellora

AM4. Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro.

Orixe acción: Informe de seguimento do Grao en Matemáticas e do Máster en Matemáticas.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada polas comisións de título do Grao en Matemáticas e do Máster en Matemáticas, a proposta dos coordinadores de título. A Comisión de Calidade considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Descrición proposta: Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro.

Responsable: Responsable de Calidade do Centro.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2014 Data inicio: 01/01/2014

Estado de execución: Levouse a cabo unha análise das distintas enquisas que ten a USC e que puideran achegar información sobre a satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e os servizos. Na enquisa de profesorado inclúese un ítem específico para estes aspectos (cun promedio de 4.65 puntos sobre 5), polo que neste colectivo, pódese considerar esta valoración como un indicador. No caso do alumnado, a enquisa de satisfacción coa docencia recibida non reflicte estes aspectos, se ben aínda que así o fixera, o grao de participación é

baixo (véxase [AM8]). A opinión do alumnado trata de coñecerse a través do seguimento realizado en colaboración co alumnado titor, nas diversas reunións mantidas con eles, mediante a súa participación activa nos órganos de goberno da Facultade e no contacto directo co equipo decanal. Finalmente, cabe destacar que a USC realiza unha enquisa a egresados nas que existe un apartado específico de valoración de recursos materiais e servizos, pero polo de agora obtivo unha participación moi baixa polo que os resultados non son significativos. Unha vez realizada esta análise, deseñárase unha enquisa que se aplicará durante o curso 2014-2015 (nova acción de mellora no plan 2014-2015).

AM5. Ampliación da memoria dos equipos das aulas de informática co fin de actualizar o sistema operativo dos mesmos.

Orixe acción: Informe de Seguimento do Grao en Matemáticas

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión do Grao en Matemáticas, a proposta da coordinadora do título, recollendo esta acción de mellora no plan de mellora do título (AM11). A Comisión de Calidade considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Descrición proposta: Ampliación da memoria dos equipos das aulas de informática co fin de actualizar o sistema operativo dos mesmos.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2013. Data inicio: 16/12/2013.

Estado de execución: Levouse a cabo a ampliación de memoria dos equipos polo que se puido actualizar o sistema operativo en todos eles.

AM6. Renovar os equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática.

Orixe acción: Informe de seguimento do Grao en Matemáticas.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión do Grao en Matemáticas, a proposta da coordinadora do título, recollendo esta acción de mellora no plan de mellora do título (AM10). A Comisión de Calidade

considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Descrición proposta: Renovar os equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/03/2015 Data inicio: 01/01/2014

Estado de execución: O centro non dispón de orzamento específico para asumir o custo de renovación dos equipos das aulas de informática, se ben están pendente do seu mantemento levando a cabo as oportunas reparacións. No curso 2013-2014, conseguiuase unha axuda á mellora da calidade da docencia que permitiu renovar cinco equipos nunha das aulas. Por outra banda, co financiamento de IEMath, instaláronse no centro catro novos equipos de videoconferencia e unha pantalla de información situada na entrada principal. Esta acción de mellora (solicitud de renovación dos equipos das aulas de informática) incluírase no plan do vindeiro curso.

AM7. Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de titulacións e PDI.

Orixe acción: Informe de Seguimento do Grao en Matemáticas

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión do Grao en Matemáticas, a proposta da coordinadora do título, recollendo esta acción de mellora no plan de mellora do título (AM18). A Comisión de Calidade considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Descrición proposta: Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de titulacións e PDI.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/03/2015. Data inicio: 16/12/2013.

Estado de execución: A non reposición de efectivos está a mermar a capacidade docente e investigadora dos departamentos adscritos ao centro. A decana nas distintas reunións as que asiste informa aos responsables, tanto da

universidade como da comunidade autónoma, desta situación. Dende o decanato tramítanse de maneira inmediata as solicitudes de incorporación de novo persoal, e a decana, dende a súa participación en órganos de goberno da USC apoia ditas solicitudes.

#### AM8. Incremento do 10% no número de convenios de mobilidade.

Orixe acción: Informes de Seguimento do Grao en Matemáticas e do Máster en Técnicas Estatísticas.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión do Grao en Matemáticas e pola Comisión do Máster en Técnicas Estatísticas, a proposta das coordinadoras dos títulos, recollendo esta acción de mellora nos plans de mellora dos títulos (AM7 no Grao en Matemáticas e AM1 no Máster en Técnicas Estatísticas). A Comisión de Calidade considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Descrición proposta: Incremento do 10% no número de convenios de mobilidade.

Responsable: Responsable Académica de Mobilidade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/03/2014. Data inicio: 16/12/2013.

TAREFA 1: Resposta á solicitude e busca de novos convenios para os títulos do centro. Remitir a información aos coordinadores de título.

Responsable: Responsable Académica de Mobilidade. Coordinadores de título.

Subtarefa 1.1: Valorar a conveniencia do convenio e as posibles validacións e remitir a información á Responsable Académica de Mobilidade.

TAREFA 2: Tramitar co Servizo de Relacións Exteriores a súa aprobación, nun prazo non superior a unha semana dende a recepción da información dos títulos.

Responsable: Responsable Académica de Mobilidade.

Estado de execución: No curso 2012-2013, o Grao en Matemáticas posuía convenios ERASMUS activos con 22 universidades (35 prazas, anuais e

semestrais). Os cambios producidos no programa ERASMUS durante o curso 2013-2014, pasando a denominarse ERASMUS+, obrigou a renovar todos os acordos entre as universidades participantes, a nivel europeo. Dende o centro potenciouse a renovación de todos eles, se ben non se recibiu resposta positiva de seis universidades, polo que non se produciu o incremento considerado. Con todo, establecéronse tres novos acordos con universidades de Italia, Noruega e Turquía e recibíronse e deuse trámite a peticións doutros programas de mobilidade (PEACE, PEACEII, EMMAG), resultando un total de 19 convenios activos con 26 prazas, durante o curso 2013-2014. Cabe salientar que o número de prazas de mobilidade ofertadas é superior ao número de solicitudes que se reciben. Nos vindeiros cursos tratarase de consolidar os novos acordos e de establecer convenios con outras universidades.

AM9. Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.

Orixe acción: Informe de Seguimento do Grao en Matemáticas

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión do Grao en Matemáticas, a proposta da coordinadora do título, recollendo esta acción de mellora no plan de mellora do título (AM20). A Comisión de Calidade considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Descrición proposta: Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/07/2014. Data inicio: 16/12/2013.

TAREFA 1: Enviar ao profesorado das titulacións do centro, e aos coordinadores de título, un correo electrónico indicando o período de apertura e a data de peche das actas.

Responsable: Decana

Subtarefa 1.1: Remitir a información a todo o profesorado dos másters

Responsable: Coordinadores dos títulos de máster.

Estado de execución: Dende o centro infórmase ao profesorado mediante correo electrónico dos períodos de apertura e peche de actas, enviando varios

recordatorios. No curso 2013-2014 conseguiu-se que o 92,13% das actas foran entregadas en prazo, lixeiramente inferior á do 2012-2013 (93,5% de actas en prazo)<sup>5</sup>. Dende o centro seguiranse recordando ao profesorado as datas límite implementado unha nova acción de mellora no curso 2014-2015.

AM10. Solicitar ás autoridades competentes a adaptación dos prazos de matrícula e da realización das PAAU.

Orixe acción: Informes de Seguimento do Grao en Matemáticas e do Máster en Matemáticas.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada polas Comisións do Grao en Matemáticas e do Máster en Matemáticas, a proposta dos coordinadores dos títulos, recollendo esta acción de mellora nos plans de mellora dos títulos (AM1 e AM4, respectivamente). A Comisión de Calidade considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Descrición proposta: Solicitar ás autoridades competentes a adaptación dos prazos de matrícula do alumnado de máster e da realización das PAAU para o futuro alumnado de grao.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2014. Data inicio: 10/12/2013.

TAREFA 1: Solicitar a adecuación das datas de realización das PAAU.

Responsable: Decana da Facultade

TAREFA 2: Solicitar a adaptación dos prazos de matrícula para o alumnado de máster.

Responsables: Decana da Facultade e coordinadores dos títulos de máster.

Estado de execución: Dende o Colexio de Decanos da USC, solicitouse ao valedor da comunidade universitaria que mediase na adecuación do calendario coas autoridades responsables. Coa implantación da LOMCE non se prevén modificacións do mesmo.

---

<sup>5</sup> Para o cálculo de porcentaxe de actas en prazo, tense en conta a data de peche de acta..



## Plan de melloras da Facultade de Matemáticas para o curso 2014-2015

Preséntase nesta sección unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2014-2015, que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento e plans de mellora das titulacións impartidas no centro.

AM1. Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas.
AM2. Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro.
AM3. Solicitude de renovación dos equipos das aulas de informática.
AM4. Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal.
AM5. Apoiar as solicitudes de formación do PAS.
AM6. Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.
AM7. Consulta á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos sobre a adecuación da composición da Comisión de Calidade.
AM8. Revisión das funcións da Comisión de Calidade.
AM9. Incrementar a información que se publica sobre o SGIC e mellorar a difusión da información dos títulos vinculados ao centro.
AM10. Valoración da adecuación do SGIC.
AM11. Solicitude de persoal de apoio correspondente aos servizos informáticos da Facultade.
AM12. Ampliación da memoria dos equipos das aulas de informática co fin de aumentar a velocidade dos mesmos.

**Táboa 3. Plan de melloras da Facultade de Matemáticas. Curso 2014-2015**

[AM1-PM1415-FM]. Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas.

Orixe acción: Seguimento do SGIC. Revisión do plan de melloras do curso 2013-2014.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas, e xa fora incluída no plan de melloras do curso 2013-2014. Na sesión do 28/03/2014, no punto de informes, presentáronse algunhas cuestións xerais para a elaboración do plan estratéxico.

Análise causa: Necesidade de elaborar un plan estratéxico do centro, seguindo o procedemento P01-PE-01, como instrumento para o desenvolvemento da política de calidade da Facultade de Matemáticas.

Descrición proposta: Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas durante o 2015/16.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2015. Data inicio: 16/12/2013.

[AM2-PM1415-FM]. Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro.

Orixe acción: Seguimento do SGIC. Revisión do plan de melloras do curso 2013-2014.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas, e xa fora incluída no plan de melloras do curso 2013-2014.

Análise causa: Necesidade de coñecer o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro. Levouse a cabo unha análise das distintas enquisas que ten a USC e que puideran achegar información sobre a satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e os servizos, comprobándose que a información obtida é limitada para a toma de decisións.

Descrición proposta: Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro.

Responsable: Responsable de Calidade do Centro.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2015. Data inicio: 01/01/2014.

[AM3-PM1415-FM]. Solicitud de renovación dos equipos das aulas de informática.

Orixe acción: Seguimento do SGIC. Revisión do plan de melloras do curso 2013-2014. Informes de seguimentos dos títulos.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas, e xa fora incluída no plan de melloras do curso 2013-2014.

Análise causa: Parte dos equipos actuais das aulas de informática están obsoletos.

Descrición proposta: Solicitud de renovación dos equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/07/2015. Data inicio: 01/01/2014.

[AM4-PM1415-FM]. Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal.

Orixe acción: Seguimento do SGIC. Revisión do plan de melloras do curso 2013-2014.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título, a proposta da coordinadora, no informe de seguimento 2013-2014.

Análise causa: Redución da plantilla de profesorado nos departamentos adscritos ao centro.

Descrición proposta: Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de Titulacións e PDI.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/12/2015. Data inicio: 16/12/2013.

[AM5-PM1415-FM]. Apoiar as solicitudes de formación do PAS.

Orixe acción: Informe de seguimento dos títulos. Recursos humanos. Informe de avaliación para a renovación da acreditación.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título do Grao en Matemáticas sobre o informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación

Análise da causa: Recomendación do comité de avaliación.

Descrición da proposta: Apoiar as solicitudes de formación do PAS, contribuíndo a unha mellora da súa formación.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Título do Grao en Matemáticas.

Data prevista de finalización: 31/12/2015 Data inicio: 28/10/14.

[AM6-PM1415-FM]. Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.

Orixe acción: Informe de seguimento. Revisión do plan de melloras do curso

2013-2014

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título, a proposta da coordinadora, no informe de seguimento 2012-2013.

Análise da causa: Existencia de actas entregadas fóra de prazo.

Descrición da proposta: Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Título do Grao en Matemáticas.

Data prevista de finalización: 31/12/2015 Data inicio: 16/12/13

TAREFA 1: Enviar ao profesorado das titulacións do centro, e aos coordinadores de título, un correo electrónico indicando o período de apertura e a data de peche das actas.

Responsable: Xestora académica da Facultade de Matemáticas.

Subtarefa 1.1: Remitir a información a todo o profesorado dos másters-

Responsable: Coordinadores dos títulos de máster.

[AM7-PM1415-FM] Consulta á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos sobre a adecuación da composición da Comisión de Calidade.

Orixe acción: Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade do centro.

Análise causa: Percepción por parte do comité de avaliación para a renovación da acreditación da conveniencia de separar a toma de decisións das tarefas de análise e valoración.

Descrición da proposta: Remitir á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, dependendo da Vicerreitoría de Comunicación e coordinación, unha solicitude sobre a análise da composición da Comisión de Calidade dos centros.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade.

Data prevista de finalización: 31/12/2015 Data inicio: 20/04/2015.

**[AM8-PM1415-FM] Revisión das funcións da Comisión de Calidade.**

Orixe acción: Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade do centro.

Análise causa: Indicación no informe provisional de renovación da acreditación de que o papel e as funcións da Comisión de Calidade deberían ser potenciadas.

Descrición da proposta: Analizar as novas iniciativas que se poidan liderar dende a Comisión de Calidade do centro, revisando as súas funcións coa conseguinte modificación formal das mesmas no SGIC.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade.

Data prevista de finalización: 31/12/2015 Data inicio: 20/04/2015.

**[AM9-PM1415-FM] Incrementar a información que se publica sobre o SGIC e mellorar a difusión da información dos títulos vinculados ao centro.**

Orixe acción Informe final de avaliación para a renovación da acreditación

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade do centro.

Análise causa: Indicación no informe final de avaliación para a renovación da acreditación.

Descrición da proposta: Realizar unha mellor difusión da información da titulación e dos resultados, e revisar a información que se fai pública.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade.

Data prevista de finalización: 31/12/2015 Data inicio: 20/04/2015.

**[AM10-PM1415-FM] Valoración da adecuación do SGIC.**

Orixe acción: Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade do centro.

Análise causa: Indicación no informe provisional de renovación da acreditación.

Descrición da proposta: Analizar se a modificación do SGIC implantada durante o curso 2013-2014 resulta práctica na súa aplicación, co obxectivo de realizar os axustes precisos para adecualo á realidade do centro.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade.

Data prevista de finalización: 31/12/2015    Data inicio: 20/04/2015.

[AM11-PM1415-FM] Solicitud de persoal de apoio correspondente aos servizos informáticos da Facultade.

Orixe acción: Informe final da avaliación para a renovación da acreditación.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade do centro.

Análise causa: Indicación no informe final de renovación da acreditación.

Descrición da proposta: Reforzar o persoal de apoio correspondente aos servizos informáticos da Facultade a través da solicitude da posta en marcha de convocatorias de prazas de bolseiros.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade.

Data prevista de finalización: 31/12/2015    Data inicio: 20/04/2015.

[AM12-PM1415-FM] Ampliación da memoria dos equipos das aulas de informática co fin de aumentar a velocidade dos mesmos.

Orixe acción: Informe do técnico de xestión de sistemas.

Descrición orixe: A acción derívase da análise realizada polo técnico de xestión de sistemas, a proposta da coordinadora do Grao en Matemáticas. A Comisión de Calidade considera que esta acción debe ser realizada a nivel de centro.

Análise causa: Obsolescencia dos equipos das aulas de informática.

Descrición da proposta: A acción levada a cabo consistirá nun aumento de memoria en ordenadores das aulas de informática para conseguir un mínimo de 3 GB de RAM na maioría dos equipos das Aulas de Informática.

Responsable: Decana da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade.

Data prevista de finalización: 31/07/2015

Data inicio: 20/04/2015.

## **Anexo 1. Informes de seguimento**

---

Para o curso 2013-2014 realizaron o informe de seguimento os seguintes títulos:

- Grao en Matemáticas.
- Máster en Matemática Industrial.
- Máster en Matemáticas.
- Máster en Técnicas Estatísticas.

Os informes pódense atopar na seguinte ligazón (información restrinxida):

[http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/calidade\\_informacion\\_restrinxida.html](http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/calidade_informacion_restrinxida.html)



## **Anexo 2. Plans de mellora das titulacións da Facultade de Matemáticas**

---

Realizaron o plan de melloras para o curso 2013-2014 os títulos da Facultade de Matemáticas: Grao en Matemáticas, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas.

Pódese acceder a información a través do seguinte ligazón (información restrinxida):

[http://www.usc.es/gl/centros/maticas/Calidade/calidade\\_informacion\\_restrinxida.html](http://www.usc.es/gl/centros/maticas/Calidade/calidade_informacion_restrinxida.html)